



RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 1937/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

ANTECEDENTES DE FEITO

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 10.06.2024 acordou iniciar o procedemento de contratación da iluminación ornamental para as festas patronais do Cristo (lote 1) e Nadal (lote 2). En cumprimento do citado acordo incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Informe de insuficiencia de medios asinado por empregado dos servizos técnicos municipais en data 3.06.2024.
- Prego de Prescricións Técnicas (PPT) asinado por empregado dos servizos técnicos municipais en data 4.07.2024.
- Memoria xustificativa, Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e Cadro de Características do Contrato (CCC) asinados pola técnica superior de administración xeral de Apoio Xurídico a Secretaría o día 5.07.2024.
- Informe xurídico de Secretaría n.º 2024-039 de data 24 de xullo de 2024.
- Informe de fiscalización asinado polo Interventor en data 29 de xullo de 2024 (2024-0250 referencia SCM-234-24).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP):

Artigo 117: Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Artigo 122: Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.





Artigo 124: O órgano de contratación aprobará con anterioridade á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adjudicación, os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares que haxan de rexer a realización da prestación.

Artigo 61.1 e Disposición Adicional Segunda (apartado 1) relativos ás competencias en materia de contratación, en aplicación dos cales resulta competente como órgano de contratación a Alcaldía, a cal mediante Decreto nº 2023-1299 do día 29.06.2023 delegou as súas competencias en materia de contratación na Xunta de Goberno Local.

Artigo 63.3: relativo á información que obrigatoriamente debe publicarse no perfil de contratante.

Se ben o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto da Alcaldía nº 2023-1299 do día 29.06.2023, faise preciso, a efectos de cumprir cos prazos de execución previstos, a avocación da competencia citada e proceder a adopción da presente resolución.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local mediante Decreto nº 2023-1299 do día 29.06.2023, aos únicos efectos de aprobar este expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación da “Iluminación ornamental para as festas patronais do Cristo (lote 1) e Nadal (lote 2) (C24/10)” xunto co prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), o cadro de características (CCC) e o prego de prescricións técnicas (PPT) que rexerán o procedemento de licitación e o contrato.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación asumindo a obriga de consignar crédito adecuado a suficiente para todas as anualidades ás que se estenda a execución do contrato.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil de Contratante do órgano de contratación.

QUINTO. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Contratación e Electricistas.

SEXTO.- Dar conta deste Decreto á Xunta de Goberno Local.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:





Concello de Cangas

- a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra dentro do prazo de dous meses.

De acordo co disposto na Disposición Adicional 15 da LCSP, os prazos computaranse desde o día seguinte á data de envío da mesma ou do aviso da notificación se fora mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación fora publicado no mesmo día no Perfil de Contratante do órgano de contratación. En caso contrario desde a recepción da notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 63NLZYYJGJMRJKDFYMF5XZCL
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

